



M I S E R Á B E I S

O teatro musical como proxecto de centro interdisciplinario para a dinamización do galego e o desenvolvemento das competencias na secundaria



GRUPO DE TRABAJO IES ILLA DE ONS. CURSO 2018-2019

Coord. Teresa García e Diana Vilas



ÍNDICE

1	Título do proxecto	1
2	Introdución. Contextualización e xustificación do proxecto	1
	2.1 Identificación da situación sociolingüística do centro	1
3	Obxectivos deseñados como resposta ás necesidades detectadas nos diferentes ámbitos	4
	3.1 Presentación dos obxectivos	4
	3.2 Propostas estratéxicas de actuación a curto prazo	5
	3.3 Propostas estratéxicas de actuación a longo prazo	6
4	Organización, desenvolvemento e metodoloxía	7
	4.1 Actividades previstas	7
	4.2 Xestión e temporización	14
5	Implicación do profesorado, responsables e demais recursos humanos e materiais da comunidade educativa	16
	5.1 Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto	18
	5.2 Recursos materiais que se van mobilizar	19
6	Colaboracións con institucións, entidades, asociacións ou empresas	19
7	Medidas de difusión do proxecto	19
	7.1 Entre o alumnado e entre o resto da comunidade educativa	19
	7.2 Na contorna e/ou noutros espazos	20
8	Orzamento	20
	8.1 Xustificación e desagregación	20
9	Plan de avaliación	21
	9.1 Criterios e indicadores para a avaliación	21
	9.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa	22
10	Profesorado participante. Funcións e tarefas de cada unha das persoas implicadas.....	22
11	Alumnado participante (curso, ciclo, número)	24



1 Título do proxecto

Miserábeis.

2 Introducción.

Contextualización e xustificación do proxecto

O traballo con adolescentes presenta como reto importante na actualidade o de contribuír a mellorar no alumnado o seu equilibrio emocional e a súa capacidade cognoscitiva, así como a súa achega afectiva á lingua galega. O teatro musical convértese nunha ferramenta marabillosa para desenvolver estes aspectos. A práctica teatral e musical xera experiencias persoais nas que os individuos se involucran física, emocional e intelectualmente, axudan a fomentar a creatividade persoal e colectiva e favorecen a adquisición de estratexias de ensino e de aprendizaxe. Convértese ademais nun medio adecuado para conseguir a integración dos contidos e de experiencias curriculares pois, como espectáculo que emprega as cancións e o movemento para explicar o argumento, reúne a posibilidade de expresarse a través de distintas linguaxes: a música, a danza e o diálogo falado en lingua galega, os cales deben estar ben entrelazados e integrados entre si.

Esta proposta xorde dunha fonda reflexión e traballo conxunto de todo un claustro arredor da importancia dunha práctica docente que fomente a aprendizaxe cooperativa, competencial, desde unha óptica feminista e en lingua galega. Por iso presentamos unha proposta de proxecto de centro interdisciplinaria a partir do teatro musical como procedemento para educar na igualdade e nas competencias clave de carácter intelectual e socioemocional, que permitan unha achega ao galego afectivo-efectiva.

Ao longo das vindeiras liñas presentaremos unha serie de actividades e proxectos concretos desenvolvidos no curso académico 2018-2019, relacionados coa posta en escena dunha obra de teatro musical en lingua galega, para alumnos/as de entre 13 e 16 anos, consistente na adaptación teatral e musical propia da obra *Os Miserábeis* de Víctor Hugo.

2.1 Identificación da situación sociolingüística do centro

Nunha primeira aproximación á contorna sociolingüística do IES Illa de Ons, podemos afirmar que este centro educativo se localiza no núcleo urbano de Bueu, unha vila que conta con 12.148 habitantes (IGE, 2018) e que se insire dentro dunha bisbarra cun importante crecemento demográfico nos últimos anos, onde destacan outras vilas como Marín e Cangas e as cidades de Pontevedra e Vigo. A relación do alumnado e das familias con estoutros núcleos poboacionais é moi importante, ben por razóns de traballo, ben por razóns de ocio e cultura. O alumnado procede de todas as localidades do concello, principalmente das parroquias de San Martiño de Bueu, Cela e Beluso.



Con terminoloxía da sociolingüística, teríamos en Bueu unha situación de semibilingüismo individual, ao que se superpón un bilingüismo social de carácter conflitivo. Os estudos de *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia* (1994) xa sinalaban que nas franxas de idade inferiores aos 26 anos o castelán era a lingua predominante, indicio claro dun proceso de desgaleguización que leva camiño de incrementarse. Noutras palabras, estamos ante unha ruptura no proceso de transmisión interxeracional da lingua galega. Se nos informes daquela había unha “lixreira diminución do galego como lingua inicial” en vilas como Bueu, hoxe en día a realidade é moito máis complicada para a lingua galega. A situación real é que as nais e os pais non lles transmiten o galego aos seus fillos e fillas como secularmente se facía; en moitos casos, esta situación xa se atopa na segunda xeración –son raros os de terceira xeración–, e non se encontran motivos para aprender a lingua que se foi perdendo e moito menos para instalarse nela novamente; así, o castelán é a lingua de prestixio. Estaríamos enfrontándonos a unha típica situación de diglosia, segundo as teorías manexadas por Joshua Fishman (1972), e de consecuente desgaleguización. Malia que non haxa datos centrados exclusivamente na vila de Bueu, segundo os estudos publicados polo IGE (2013-2014), o Morrazo atópase nun 11,45 % de fogares en que todos os seus membros de 5 ou máis anos falan habitualmente só galego, lixeiramente superior ás porcentaxes das zonas en que a lingua galega está máis deturpada (como Vigo, cun 7,48 %), pero moi lonxe das áreas xeográficas como O Carballiño-O Ribeiro e a zona suroriental da Coruña, que superan o 52 %.

Polo que se refire ás destrezas lingüísticas, salienta a elevada competencia oral que existe en toda a poboación, á que non é allea a comunidade escolar que formamos no IES Illa de Ons. Porén, as competencias escritas en galego non están tan xeneralizadas como as anteriores; xa que logo, o dominio da lectura e da escritura é moito menor que o das destrezas orais, especialmente canto maior é a idade do individuo. Nos sectores da sociedade escolarizados nos últimos corenta anos e cunha aprendizaxe programada, esas competencias están moito máis desenvolvidas.


Con respecto aos grupos sociolingüísticos que se derivan das capacidades lingüísticas e da súa práctica social podemos salientar varios colectivos:

- 1 Aqueles que presentan certo bilingüismo, o grupo máis numeroso e que vai en aumento. Este grupo nótase tanto dos que teñen o galego como lingua inicial como dos que parten do castelán.
- 2 Monolingües en castelán, cuxo grupo aumenta tamén cada día, e que se van incorporando á lingua galega só a través do eido escolar (de aí a importancia do noso labor docente).
- 3 Monolingües en galego, grupo claramente en retroceso e que, no caso de Bueu, se localiza case exclusivamente nas franxas de maior idade da poboación. Algúns sectores das xeracións máis novas, cun carácter excepcional, tamén se poden situar neste grupo, pero a forte presión social das amizades e das redes sociais fai que se vaian incorporando ao primeiro dos grupos.

En Bueu, e en toda Galicia, dáse actualmente unha situación de bilingüismo social que se exterioriza nunha distribución do uso das dúas linguas en presenza, dependendo das funcións, dos contextos e/ou do interlocutor. Dáse, polo tanto, o fenómeno que se coñece como diglosia. De todos os xeitos, aínda que esta



esteá plenamente constatada, nos últimos tempos producíronse algunhas mudanzas que operan de xeito positivo para a lingua galega. É aí onde queremos situar o proxecto da posta en escena do musical *Os miserábeis*, que conta cun favorecedor prestixio entre o alumnado do IES Illa de Ons. Non cabe dúbida de que o desenvolvemento deste proxecto en que participa a maior parte do profesorado e do alumnado de 4.º da ESO, xunto con colaboracións puntuais dalgúns alumnos/as de 3.º da ESO, é unha achega moi importante nisto que podemos denominar “incremento de usos públicos do idioma”. Neste exemplo concreto, a lingua galega entra non só como unha materia máis do currículo e como lingua vehicular para a transmisión de conceptos, senón que se incorpora ao proxecto con toda a súa forza poética. Se a isto lle engadimos que todas as actividades formativas, de dentro e de fóra do IES Illa de Ons, tamén se realizan en galego, a mensaxe que se lles transmite ás persoas participantes e ao futuro público espectador é extraordinariamente positiva.



No seu desenvolvemento, este proxecto segue fielmente os principios da Lei de normalización Lingüística e o seu Decreto 173/1982 e, entre outras, respecta en todos os textos as directrices gramaticais das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* aprobadas no seu día pola RAG/ILG. Por outra banda, tamén navega cara ao proceso de estandarización da lingua que, segundo Joseph Greenberg (1987), modela unha variedade vernácula sobre unha lingua de cultura de maneira que a variedade vernácula subordinada poida usurpar en última instancia as funcións que tradicionalmente viña desempeñando a lingua sobreposta ou superordinada; dese xeito, temos que afirmar que esta iniciativa se enmarca no proceso de recuperación do galego como lingua de cultura, para nos aproximarmos aos niveis da época medieval.

Todo o profesorado do IES Illa de Ons está maioritariamente implicado no uso e respecto cara á lingua galega, incluso aquel relacionado con outras disciplinas lingüísticas como a Lingua Castelá ou as das linguas estranxeiras, inglesa e francesa. A implicación no proxecto *Miserábeis* é maior, se cadra, ao grao de



participación noutros programas do propio centro. Así mesmo, o profesorado colabora en todas e cada unha das actividades que se veñen facendo desde o EDLG ou incluso en iniciativas doutros departamentos, aínda que o grao de implicación é moito maior nos seminarios de Educación Musical e Artes Escénicas e Ciencias Sociais. Pódese establecer que máis dun 80 % do profesorado emprega e reivindica o uso da lingua galega para a súa expresión nas actividades do centro.

3 Obxectivos **d**eseñados **c**omo **r**esposta ás **n**ecesidades **d**etectadas nos **d**iferentes **á**mbitos

3.1 **P**resentación dos **o**bxectivos

O obxectivo xeral deste proxecto é deseñar e implementar unha obra de teatro musical como proxecto de centro interdisciplinario para a dinamización do galego e o desenvolvemento das competencias na educación secundaria obrigatoria. Para acadar este obxectivo elaborouse no centro educativo unha adaptación teatral e musical propia a partir da obra literaria *Os miserábeis* de Víctor Hugo e das versións dos musicais en lingua castelá e inglesa e, así mesmo, xeráronse diversas actividades relacionadas coa posta en escena da peza de teatro musical en galego, ligadas ás temáticas e/ou feitos acontecidos na súa historia, e/ou conectadas coa visualización dos resultados xerados a través das novas tecnoloxías da comunicación e a aprendizaxe (TAC) para potenciar o uso da lingua galega en ámbitos académicos, sociais, lúdicos e tecnolóxicos, dentro e fóra das aulas.

Co fin de acadarmos este obxectivo xeral, acordamos os seguintes obxectivos específicos:

- Deseñar, implementar e avaliar, desde a experiencia curricular, unha dinámica de traballo por proxectos que sitúe a lingua galega no centro do proceso da aprendizaxe mediante unha proposta interdisciplinaria, motivadora e lúdica.
- Potenciar metodoloxías de traballo cooperativo que fomenten o uso do galego en todos os ámbitos da comunidade escolar e en todos os ambientes relacionados co centro, a partir das posibilidades do teatro musical como ferramenta de aprendizaxe competencial.
- Desenvolver entre o alumnado a capacidade de tomar decisións e de asumir responsabilidades, de participación, de planificación e a iniciativa persoal.
- Fomentar actividades que potencien a socialización en lingua galega, ben desde o uso das novas tecnoloxías da aprendizaxe e da comunicación (TAC) para a creación de materiais relacionados co proxecto, ben desde o canto coral, o baile en grupo e dramatización teatral.
- Fomentar actividades que potencien a reflexión, a tolerancia e a autoestima do alumnado mediante o debate en galego.
- Expresarse con coherencia e corrección en lingua galega en diferentes contextos: oral, escrito, audiovisual e musical.



3.2 Propostas estratéxicas de actuación a curto prazo

A proposta estratéxica fundamental de actuación a curto prazo é a organización do centro para a posta en marcha dunha dinámica de traballo máis interdisciplinaria e cooperativa, co deseño dun plan de traballo integral, cun repartimento de tarefas consensuado e axeitado aos horarios dos diferentes departamentos participantes e cun cronograma viable de actividades, ensaios e actuacións.

A complexidade desta proposta educativa implica a selección de diversos contidos curriculares para o seu desenvolvemento, así como o fraccionamento do programa en diferentes fases e liñas paralelas de traballo, cuxa programación implica a asignación dunha marxe ampla de horario lectivo, distribuído ao longo de todo o curso.

A continuación, detállanse as áreas curriculares integradas na posta en escena da obra de teatro musical e as liñas simultáneas de traballo:





3.3 Propostas estratéxicas de actuación a longo prazo

A finalidade desta proposta educativa non é unicamente a creación dun produto final para o entretemento e gozo da sociedade, senón que é no proceso de creación e produción do espectáculo onde se atopa o feito educativo, posto que é aquí onde se ocasiona a aprendizaxe significativa e a vinculación e asimilación de contidos con base na experiencia. Neste senso, desde o punto de vista da súa inserción no currículo da ESO, o teatro musical oríentase desde tres aspectos diferentes: como ferramenta didáctica, como área ou materia, e como produto artístico ou espectáculo, para a dinamización do galego e o traballo das competencias clave ao longo de todo o curso.

Tomando como referencia os estudos de LÓVA encargados polo CNIIE, consideramos que o peso porcentual aproximado de cada unha das competencias clave neste proxecto é o seguinte:



Nesta táboa pódense observar as destrezas instrumentais que se van desenvolver a través deste proxecto en relación con cada unha das competencias clave:

Competencia en comunicación lingüística

- Aspectos prosódicos e linguaxe non verbal: emisión de respostas non verbais (implicación cinética e emocional).
- Comprensión lectora: comprensión de textos mediante a interacción con conceptos, personaxes ou ideas.
- Exposición da información e uso do rexistro formal: uso da lingua galega e desenvolvemento do vocabulario.
- Selección e tratamento de contidos a partir de textos verbais e fontes gráficas e audiovisuais: síntese e resumo da información, interpretación de ideas e creatividade.
- Razoamentos críticos: inferencias e valoracións persoais xustificadas.

Competencia matemática e Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

- Razoamentos lóxicos.
- Visión plano/espazo.
- Manexo de equipos electrónicos: instalación de sistemas de iluminación e de son.

Competencia dixital

- Busca e selección de información na rede.
- Uso de recursos e/ou ferramentas dixitais para a comunicación e/ou resolución de problemas: programación da iluminación.



	▪ Uso de ferramentas dixitais para a creación de contidos: gravación de son, elaboración de materiais audiovisuais. ▪ Cidadanía dixital: participación en comunidades virtuais ou comunidade en rede.
Competencia en aprender a aprender	▪ Aplicación de recursos e técnicas de traballo intelectual. ▪ Desempeño cooperativo. ▪ Aprendizaxe múltiple (que desborda a experiencia intelectual): integración de actividades auditivas, visuais, motrices e verbais. ▪ Autoxestión e autoavaliación: o alumnado é o protagonista da súa propia aprendizaxe.
Competencias sociais e cívicas	▪ Intelixencia emocional e habilidades sociais. A empatía. ▪ Convivencia e cooperación. ▪ Compromiso para a cidadanía democrática e a participación.
Sentido da iniciativa e espírito emprendedor	▪ Participación e autonomía persoal. ▪ Creatividade e sentido emprendedor.
Conciencia e expresións culturais	▪ Expresión artística. ▪ Habilidades perceptivas e de xuízo estético. ▪ Interrelación co resto de artes: literatura, música, artes plásticas, teatro, canto, danza.

4 Organización, desenvolvemento e metodoloxía

A presente proposta contempla a elaboración dun cronograma para o curso 2018-2019 que integra a planificación de pequenas investigacións, proxectos sobre temáticas específicas, un calendario de ensaios e obradoiros de canto coral en galego, así como diversas tarefas de contido interdisciplinario. Estas realizáronse mediante estratexias cooperativas, procurando a colaboración entre todas as partes implicadas e fomentando unha interdependencia positiva a través de todos os membros no esforzo final. Con esta metodoloxía pretendemos promover o respecto cara ao resto dos compañeiros e das compañeiras, o desenvolvemento da confianza e a resolución de conflitos, incluíndo, ademais, momentos de avaliación individual e de grupo.

4.1 Actividades de desenvolvemento dos procesos de innovación en dinamización da lingua galega

Para abordarmos calquera proxecto interdisciplinario é preciso planificar, organizar e concretar accións que incidan na contorna e para isto resulta fundamental unha programación dialogada por parte do equipo educativo que busque a suma das achegas de cada compoñente en favor da integración curricular e da



socialización en galego do alumnado. Durante as distintas fases de planificación, toma de decisións e avaliación é esencial o diálogo, que fomenta o uso da nosa lingua.

Título	Montaxe e ensaio de escenas teatrais				
Profesora	María Teresa García				
Materia	Música		Curso(s)	4.º ESO, 3.º ESO A	
Temporización	Trimestre	1.º ☒	2.º ☒	3.º ☒	Sesión(s) 45h S1-S33
Descrición	Actividades de técnicas de desinhibición teatral, traballo das emocións a través do corpo e da expresión xestual, improvisación e montaxe e ensaio das escenas				
Obxectivos	▪ Potenciar a expresión corporal, o sentido espacial, a memoria visual e auditiva e a sensibilidade artística, para contribuír así ao desenvolvemento intelectual, afectivo, psicomotriz, social e moral do alumnado. ▪ Integrar o alumnado con capacidades diversas e potenciar a convivencia e o traballo en equipo. ▪ Mellorar a dicción en lingua galega. ▪ Desenvolver a empatía, ao ter que asumir problemas dos personaxes, o mesmo que a súa maneira de falar e de sentir segundo a época e condición. ▪ Aprender a colaborar na preparación dos elementos que forman parte dunha peza de teatro musical.				
Metodoloxía	Sesións en grupo dirixidas pola profesora, nas que o alumnado se responsabilizou da anotación e posta en práctica das indicacións teatrais de cadanseu personaxe, da manipulación do <i>atrezo</i> indicado e/ou da coreografía. Unha vez establecidas as pautas de actuación e a distribución de roles/personaxes, o grupo-clase dividiuse en pequenos grupos cooperativos para a organización do ensaio das distintas escenas.				
					

Título	Ensaio de cancións
---------------	---------------------------



Profesora	Diana Vilas		
Materia	Titoría(s)	Curso(s)	4.º ESO
Temporización	Trimestre 1.º ☒ 2.º ☒ 3.º ☒	Sesión(s)	14-16 h S1-S33
Descrición	Actividades de técnicas de respiración, nocións básicas de tonalidades e rexistros vocais e de canto individual e coral das cancións seleccionadas.		
Obxectivos	- Atopar na voz e no corpo recursos comunicativos e gozar deles; adestrar e combinar o traballo físico, de técnica vocal e interpretativo, tanto en grupo como para solistas. - Desenvolver as calidades persoais e valores no terreo do canto e a música. - Potenciar a expresión corporal, a memoria auditiva e a sensibilidade artística.		
Metodoloxía	Elaboración e/ou adaptación por parte da profesora das secuencias instrumentais e dos covers en lingua galega. O alumnado accede desde a plataforma dixital (<i>classroom</i>) aos covers, letras das cancións e <i>karaokes</i> para poder aprender e ensaiar cada canción. Realízanse ensaios colectivos nas sesións de titoría cos tres grupos de 4.º da ESO, coas súas titoras e co profesorado participante dispoñible.		

Título	Visionado da película <i>Los Miserables</i> (2012) e análise dos personaxes		
Profesora	María Teresa García		
Materia	Valores éticos	Curso(s)	4.º ESO
Temporización	Trimestre 1.º ☒ 2.º ☐ 3.º ☐	Sesión(s)	9-10 h S1-S5
Descrición	Visualización da película no mes de setembro, empregando un total de 4 sesións de diferentes materias, e creación de debates sobre diversos temas: A que tipo de miseria fai referencia o título da película? Relación entre a lei e a xustiza. O perdón, a empatía, a comprensión. Pobreza, dignidade e esperanza. A liberdade e a posibilidade da redención. A prostitución. Os ideais revolucionarios. A derrota na guerra fronte á supervivencia das ideas.		
Obxectivos	- Fomentar e practicar o debate en lingua galega. - Analizar os personaxes e as situacións representadas na obra escollida, a partir de distintas pezas audiovisuais e literarias.		
Metodoloxía	Postas en común pautadas pola profesora que alternan o debate oral con estratexias cooperativas como "o folio xiratorio" ou "lapis ao centro".		

Título	Pescuda sobre o autor de <i>Os miserábeis</i> e a súa obra		
Profesor/a	María Luisa Mallo e Anxo X. Rajó		
Materia	Lingua Castelá e Lingua Galega	Curso(s)	3.º ESO e 4.º ESO
Temporización	Trimestre 1.º ☒ 2.º ☐ 3.º ☐	Sesión(s)	2 h S6-S9
Descrición	Lectura do libro <i>Los Miserables</i> (adaptación de J. Lorman, Ed. Biblioteca Teide) e a adaptación en portugués <i>Os miseráveis</i> (livro 1 e libro 2, Edições Relógio d'Água, Lisboa, 2017). Elaboración dun traballo de investigación do alumnado con		



	presentación voluntaria na aula sobre o autor e a súa obra e cos seguintes aspectos: ✎ Trazos biográficos destacados do autor. ✎ Principais obras, temas que trata con frecuencia e resumo do argumento. ✎ Selección dun fragmento da obra e comentario das características do Romanticismo e do Realismo que aparecen reflectidas.
Obxectivos	▪ Seleccionar un fragmento da obra <i>Os miserábeis</i> no que se poidan distinguir as características do Romanticismo e do Realismo, así como do autor.
Metodoloxía	Exposicións en grupos de 3 alumnos/as mediante ferramentas dixitais interactivas.

Título	O xerme revolucionario: a difusión das ideas da Ilustración		
Profesor/a	Diana Vilas e Óscar Rodríguez		
Materia	Xeografía e Historia	Curso(s)	4.º ESO A-B
Temporización	Trimestre 1.º ☒ 2.º ☐ 3.º ☐	Sesión(s)	4 h S6-S9
Descrición	Presentación ao alumnado de temas relacionados coa difusión das ideas ilustradas, para a creación dun traballo de investigación e dunha presentación interactiva: a <i>Enciclopedia</i> de Diderot, a separación de poderes en Montesquieu, o concepto moderno de liberdade, o debate feminista ilustrado, as salonières (mulleres que crearon sociedade nos salóns ilustrados) etc.		
Obxectivos	▪ Xerar produtos visuais e audiovisuais en lingua galega mediante distintos formatos dixitais e interactivos. ▪ Desenvolver os razoamentos críticos mediante a inclusión no traballo de reflexións propias sobre as manifestacións culturais traballadas. ▪ Extraer as ideas principais das fontes textuais e/ou audiovisuais e demostrar a súa comprensión.		
Metodoloxía	Grupos cooperativos de 3-4 alumnos/as pertencentes aos grupos de 4.º ESO. Os profesores e profesoras subiron á plataforma dixital da materia (<i>classroom</i>) os materiais cos temas para escoller, as pautas para o desenvolvemento de cada tema, así como información e ligazóns a diversas ferramentas dixitais.		

Título	As obras de arte como referentes éticos e estéticos nunha peza de teatro musical. Os "tableau vivant"		
Profesor/a	Diana Vilas e Óscar Rodríguez		
Materia	Xeografía e Historia	Curso(s)	4.º ESO A-B
Temporización	Trimestre 1.º ☐ 2.º ☒ 3.º ☐	Sesión(s)	4 h S13-S16
Descrición	Busca e análise de obras de arte para o traballo do contexto histórico no que se encadra a peza de teatro musical e investigación sobre cadros históricos que sirvan de referentes estéticos para a súa integración como parte da escenografía: <i>Xuramento dos Horacios</i> , <i>Morte de Marat</i> e <i>Rapto das sabinas</i> , de J. L. David; a <i>Liberdade guiando o pobo</i> e a <i>Matanza de Quíos</i> de Delacroix; a <i>Balsa da Medusa</i> de Gericault ou os <i>Fusilamentos de Moncloa</i> , de Goya, entre outros.		
Obxectivos	▪ Indagar nas posibilidades da arte histórica como referente ético e estético nos		




	produtos teatrais, musicais e audiovisuais. ▪ Elaborar unha selección razoada e xustificada de obras de arte a representar en distintos momentos/escenas da peza de teatro musical. ▪ Discriminar e ilustrar a través das obras as características dos movementos artísticos estudados (Neoclasicismo, Romanticismo).
Metodoloxía	Grupos cooperativos de 3-4 alumnos/as pertencentes aos grupos de 4.º ESO.

Título	Elaboración de discursos revolucionarios. A 1.ª onda do feminismo		
Profesor/a	Diana Vilas e Óscar Rodríguez		
Materia	Xeografía e Historia	Curso(s)	4.º ESO A-B
Temporización	Trimestre 1.º ☐ 2.º ☒ 3.º ☐	Sesión(s)	4 h S17-S20
Descrición	Creación de discursos revolucionarios adaptados aos axentes sociais da época (burguesía moderada e radical, sectores populares, as demandas propias das mulleres que participaron na primeira onda do feminismo) co fin de introducir discursos e lemas revolucionarios propios do século XIX e das circunstancias concretas das revolucións liberais francesas dentro de determinadas escenas da peza de teatro musical. Esta actividade completouse desde a materia de Francés, na que se lle propuxo ao alumnado a tradución dalgunhas das proclamas feministas.		
Obxectivos	▪ Delimitar e definir as bases ideolóxicas da Restauración, do liberalismo e da primeira onda do feminismo, así como os seus principais axentes e discursos. ▪ Sopesar as razóns dos revolucionarios e revolucionarias para actuar como o fixeron e analizar as posibilidades e limitacións das revolucións liberais no recoñecemento dos dereitos sociais, civís e políticos.		
Metodoloxía	Grupos cooperativos de 3-4 alumnos/as pertencentes aos grupos de 4.º ESO.		

Título	Elaboración de máscaras - escena "Mozas guapas"		
Profesora	Olalla García		
Materia	Educación Plástica Visual e Audiov.	Curso(s)	3.º ESO A
Temporización	Trimestre 1.º ☐ 2.º ☒ 3.º ☐	Sesión(s)	10 h S13-S20
Descrición	Elaboración de 11 máscaras para a escena "Mozas guapas". Traballo de deseño a partir do estudo de distintos recursos expresivos aplicados por artistas das vangardas. Aplicación de métodos creativos para traballar a expresión e a iconicidade na representación dos personaxes. Aplicación con creatividade das posibilidades expresivas que ofrecen distintas técnicas gráfico-plásticas.		
Obxectivos	▪ Coñecer e aplicar métodos creativos para elaborar o deseño das máscaras. ▪ Comprender e empregar os niveis de iconicidade da imaxe gráfica e elaborar bosquexos e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos. ▪ Utilizar con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas e aplicalas de forma axeitada aos obxectivos da actividade.		



	Facer uso de materiais reciclados para a elaboración das máscaras aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.
Metodoloxía	As máscaras elaboraranse en pequenos grupos, aínda que unha parte do traballo de investigación realizárase de xeito individual.
 Bosquexo de ollos para as máscaras	

Título	Elaboración de escenografía para o musical					
Profesora	Olalla García					
Materia	Educación Plástica Visual e Audiov.			Curso(s)	3.º ESO B	
Temporización	Trimestre	1.º ☐	2.º ☐	3.º ☒	Sesión(s)	3 h S26-28
Descrición	Transformación da aparencia orixinal das mesas e cadeiras pertencentes ao mobiliario escolar para darlle un cariz mísero, vello e usado, propio da época na que se encadra o musical. Traballo da apreciación da cor como elemento da expresión plástica. Estudo dos aspectos relativos á mestura de pigmentos e os seus resultantes: harmonías, contrastes etc.					
Obxectivos	▪ Coñecer e aplicar métodos creativos para o envellecemento do mobiliario que conforma a escenografía. ▪ Realizar modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas.					
Metodoloxía	As distintas fases alternan o traballo individual, en pequenos grupos e como grupo-clase.					

Título	Elaboración de material audiovisual para a aprendizaxe e a difusión do proxecto <i>Miserábeis</i>
--------	---



Profesora	Olalla García					
Materia	Educación Plástica Visual e Audiov.			Curso(s)	3.º ESO A-B	
Temporización	Trimestre	1.º ☒	2.º ☒	3.º ☒	Sesión(s)	28 h S6-33
Descrición	Gravación das sesións de deseño, montaxe e ensaio das escenas do musical.					
Obxectivos	▪ Aplicar estratexias de filtrado, clasificación e almacenamento dos produtos audiovisuais xerados. ▪ Empregar con éxito ferramentas de gravación e edición de vídeo e audio (iMovie, garageband...).					
Metodoloxía	Traballo individual e en pequenos grupos de 3-4 persoas, mediante o repartición de roles e funcións e o establecemento dun calendario de equipos de gravación.					

A photograph showing a woman in a black dress standing in a room with wood-paneled walls. In the foreground, a tablet is mounted on a stand, displaying a video recording interface. The interface shows a smaller version of the woman standing in the same room, with a red recording indicator and a timer at the top. The woman in the background is looking towards the tablet screen.

Título	Montaxe e programación do sistema de iluminación e de son		
Profesoras	María Teresa Barreiro e María Sonia Rosales		
Materia	Informática e Tecnoloxía	Curso(s)	4.º ESO C
Temporización	Trimestre 1.º ☐ 2.º ☒ 3.º ☐	Sesión(s)	9 h S13-S25
Descrición	Montaxe de focos e do equipo de son. Manexo de ferramentas dixitais para a programación do deseño de iluminación das escenas: <i>software</i> MagicQ.		
Obxectivos	▪ Manexar con éxito ferramentas dixitais para a posta en escena dunha peza de teatro musical e para a resolución de problemas técnicos. ▪ Xerar novas ideas e procesos utilizando as TAC.		
Metodoloxía	Traballo con iPads en pequenos grupos cooperativos de 2-3 persoas.		

Título	Enfermidades e científicos na época de <i>Os miserábeis</i>		
Profesoras	María J. Rodríguez e Mónica Camaño		
Materia	Bioloxía e Xeoloxía & Física e Química	Curso(s)	4.º ESO e 3.º ESO
Temporización	Trimestre 1.º ☒ 2.º ☒ 3.º ☐	Sesión(s)	7 h S10-S16



Descrición	Investigación e presentación oral en galego sobre Antoine-Laurent de Lavoisier, seguindo o guión proporcionado pola profesora. Investigación sobre as enfermidades da época na que se sitúa a obra de <i>Os miserables</i> : cólera, sífilis, gonorreia, tuberculose, difteria, escarlatina, sarampelo, febre amarela e paludismo, tifus. Partes: ✎ Situación e documentación do momento histórico. ✎ Elección da enfermidade sobre a que van traballar. ✎ Investigación e recollida de datos da enfermidade. ✎ Situación actual.
Obxectivos	▪ Coñecer as características das distintas doenzas (axentes patóxenos, síntomas, vías de contaxio, tratamentos e prevención) e a súa repercusión na poboación, para conformar unha visión global da sanidade da época. ▪ Investigar a situación actual das devanditas enfermidades e facer un estudo comparativo escrito e oral en lingua galega. ▪ Apreciar os avances científicos e a súa aplicación na vida diaria, e contextualizar o papel dos científicos na súa época.
Metodoloxía	Os alumnos/as poderán elixir facer o traballo de forma individual ou por parellas. Parte do traballo farase na clase –na aula de informática– con apoio da profesora.

Título	Sesións de avaliación individual e de grupo		
Profesoras	Olalla G., Diana V., Yolanda M., Teresa B., Teresa G.		
Materia	Titorías	Curso(s)	4.º ESO e 3.º ESO A
Temporización	Trimestre 1.º ☒ 2.º ☒ 3.º ☒	Sesión(s)	6 h S9-S28
Descrición	Revisión do material audiovisual xerado nos ensaios, establecendo sesións de autoavaliación e de avaliación individual e colectiva.		
Obxectivos	▪ Desenvolver a capacidade de poñerse no lugar dos demais, respectando as diferenzas e comunicándose de xeito correcto coa contorna social. ▪ Aprender a controlar e dirixir os estados anímicos. ▪ Ser tolerante, colaborador, íntegro e honesto cun mesmo e cos demais, respectando as decisións e opinións colectivas e as normas do grupo. ▪ Analizar axeitadamente o proceso de aprendizaxe propio e do grupo.		
Metodoloxía	Postas en común co alumnado tras a visualización dos vídeos e imaxes xeradas nos ensaios. Aplicación de estratexias cooperativas para a expresión das opinións e a creación dun pensamento crítico.		

4.2 Xestión e temporización

O proxecto programouse para desenvolverse nun tempo aproximado de 33 semanas, nas cales se realizaron as tarefas ligadas á posta en escena da obra de teatro musical, así como aquelas outras actividades deseñadas desde os diferentes departamentos do centro.



O proceso de ensaios, entendidos como unha experiencia viva que se sucede no tempo, transcorre nas sesións indicadas a continuación, mediante unha práctica directa e prolongada, tanto na franxa horaria correspondente ás materias sinaladas, como en horario extraescolar, intensificando os tempos nos momentos máis próximos ás representacións, que quedaron fixadas para o mes de xuño.

L	M	M	X	V	S	D
SETEMBRO						
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

	Comezo das clases
	Visionado da película <i>Los miserables</i>
	Reunións do profesorado para tratar cuestións organizativas do proxecto

	L	M	M	X	V	S	D
	OUTUBRO						
S1	1	2	3	4	5	6	7
S2	8	9	10	11	12	13	14
S3	15	16	17	18	19	20	21
S4	22	23	24	25	26	27	28
S5	29	30	31				

	Obradoiro de canto coral (sesión 1)
MÚS	Montaxe escenas / ensaios
TITOR	Ensaio de cancións
VAL-ÉT	Debates valores éticos
LCAST	Lectura libro: <i>Los miserables</i>
	Ensaos en horario de tarde
	*Festivos

	L	M	M	X	V	S	D
	NOVEMBRO						
				1	2	3	4
S6	5	6	7	8	9	10	11
S7	12	13	14	15	16	17	18
S8	19	20	21	22	23	24	25
S9	26	27	28	29	30		

	Obradoiro de canto coral (sesión 2)
MÚS	Montaxe escenas / ensaios
TITOR	Ensaio de cancións
LGAL	Análise do libro <i>Os miseráveis</i>
LCAST	Quen foi Víctor Hugo?
XeHi	Difusión de ideas da Ilustración
EPVA	Gravación ensaios e edición aud.
	Autoavaliación. Titoría (sesión 1)
	Ensaos en horario de tarde

	L	M	M	X	V	S	D
	DECEMBRO					1	2
S10	3	4	5	6	7	8	9
S11	10	11	12	13	14	15	16
S12	17	18	19	20	21	22	23
	24	25	26	27	28	29	30
	31						

	Obradoiro de canto coral (sesión 3)
MÚS	Montaxe escenas / ensaios
TITOR	Ensaio de cancións
EPVA	Gravación ensaios e edición aud.
BIO	Enfermidades en <i>Os miserables</i>
	Autoavaliación. Titoría (sesión 2)
	Ensaos en horario de tarde

	L	M	M	X	V	S	D
	XANEIRO						
		1	2	3	4	5	6
S13	7	8	9	10	11	12	13
S14	14	15	16	17	18	19	20
S15	21	22	23	24	25	26	27

	L	M	M	X	V	S	D
	FEBREIRO						
					1	2	3
S17	4	5	6	7	8	9	10
S18	11	12	13	14	15	16	17
S19	18	19	20	21	22	23	24



S16 28 29 30 31

MÚS Montaxe escenas / ensaios
TITOR Ensaio de cancións
XeHi Análise obras de arte.
EPVA Elaboración de máscaras
EPVA Gravación ensaios e edición aud.
TIC App programación iluminación
TECN Montaxe de equipos luz/son
BIO Enfermidades en *Os miserábeis*
FeQ Científicos en *Os miserábeis*
Autoavaliación. Titoría (sesión 3)
Ensaos en horario de tarde

	L	M	M	X	V	S	D
	MARZO						
					1	2	3
S21	4	5	6	7	8	9	10
S22	11	12	13	14	15	16	17
S23	18	19	20	21	22	23	24
S24	25	26	27	28	29	30	31

Obradoiro de canto coral (sesión 5)
MÚS Montaxe escenas / ensaios
TITOR Ensaio de cancións
EPVA Gravación ensaios e edición aud.
TIC App programación iluminación
TECN Montaxe de equipos luz/son
Autoavaliación. Titoría (sesión 5)
Ensaos en horario de tarde
Mostra breve no Día da Muller Traballadora

	L	M	M	X	V	S	D
	MAIO						
			1	2	3	4	5
S28	6	7	8	9	10	11	12
S29	13	14	15	16	17	18	19
S30	20	21	22	23	24	25	26
S31	27	28	29	30	31		

Obradoiro de canto coral (sesión 6)
MÚS Montaxe escenas / ensaios
TITOR Ensaio de cancións
EPVA Elaboración de *atrezo*
EPVA Gravación ensaios e edición aud.
Autoavaliación. Titoría (sesión 6)
Ensaos en horario de tarde
Flashmob no Día das Letras Galegas

S20 25 26 27 28

Obradoiro de canto coral (sesión 4)
MÚS Montaxe escenas / ensaios
TITOR Ensaio de cancións
XeHi Discursos revolucionarios. Fem
FR Proclamas revolucionarias
EPVA Elaboración de máscaras
EPVA Gravación ensaios e edición aud.
TIC App programación iluminación
TECN Montaxe de equipos luz/son
Autoavaliación. Titoría (sesión 4)
Ensaos en horario de tarde

	L	M	M	X	V	S	D
	ABRIL						
S25	1	2	3	4	5	6	7
	8	9	10	11	12	13	14
	15	16	17	18	19	20	21
S26	22	23	24	25	26	27	28
S27	29	30					

Excursión de 4.º ESO á Toscana
MUS Montaxe escenas / ensaios
TITOR Ensaio de cancións
EPVA Elaboración de *atrezo*
EPVA Gravación ensaios e edición aud.
TIC App programación iluminación
TECN Montaxe de equipos luz/son
Ensaos en horario de tarde

	L	M	M	X	V	S	D
	XUÑO						
						1	2
S32	3	4	5	6	7	8	9
S33	10	11	12	13	14	15	16
	17	18	19	20	21	22	23
	24	25	26	27	28	29	30

MÚS Montaxe escenas / ensaios
TITOR Ensaio de cancións
EPVA Gravación ensaios e edición aud.
Ensaos en horario de tarde
Actuación no auditorio de Cangas
Actuación no auditorio de Bueu

5 Implicacións do profesorado, responsables e demais recursos humanos e materiais da comunidade educativa



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Rúa A Pedra, 51
36930 Bueu - Pontevedra
Tfno.: 886 159 510 // Fax: 886 159 516
ies.illa.ons@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/iesillaons/>



A planificación da posta en escena dunha obra de teatro musical supón desenvolver un proxecto no que distintas áreas e aulas poden estar implicadas á vez, posto que é moito o traballo que hai que coordinar. É como se o centro escolar se convertese nunha compañía de teatro na que guionistas, escenógrafos, deseñadores, músicos e actores deben colaborar para gozar do reto de crearen un proxecto común. O centro conta, para a educación artística do alumnado e profesorado, con dúas docentes que posúen a formación académica específica adecuada para enfrontarse a determinados coñecementos e, á súa vez, con formación e experiencia didáctica e pedagóxica.

Diana Vilas, profesora de Xeografía e Historia no IES Illa de Ons e no Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural na Universidade de Vigo, conta con máis de once anos de experiencia como cantante profesional, foi membro do Coro da Rá, fixo diversas gravacións musicais para a TVG, como os temas de apertura e de peche da serie de anime *One Piece*, e actualmente segue a formarse no campo da música dentro do Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra.

Teresa García, profesora de Música no IES Illa de Ons, conta co D. E. A. en Didácticas Especiais e desde o seu inicio no teatro profesional no 2003 traballou en Compañías como Balea Branca, Cámara Negra, Arela das Artes, Inversa teatro, Centro Dramático Galego, Aporía Escénica e actualmente Ibuprofeno Teatro con *Casa o rei*, nominado en 4 categorías nos vindeiros premios María Casares. Foi protagonista feminina da longametraxe *Fragmentos de Brand* e en diversas curtametraxes, e traballou en series como *Serra Moura* e *Rías Baixas*. No ano 2016 recibiu o María Casares ao mellor texto orixinal, xunto con Diana Mera e Merche Pérez por *Trinta e tantos osos* e traballou no Teatro Nuevo Alcalá de Madrid no Musical *Galicia caníbal* dirixido por Quico Cadaval.

Ambas exercen o labor de coordinación, facilitan a comunicación entre docentes e membros da comunidade educativa implicados e aseguran o mantemento dunha coherencia estético-estilística no proxecto. Doutro lado, cómpre destacar que a participación da comunidade docente non se circunscribe a tarefas específicas dentro de cada materia ou a funcións de xestión ou organización, senón que tamén comporta a súa presenza na escena teatral e musical xunto co propio alumnado.





5.1 Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto

5.1 Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto

Entre os meses de xaneiro e maio, desenvolveuse no Centro Social do Mar de Bueu e en horario de tarde un curso de 24 h de canto coral e técnicas de interpretación vocal para todas as persoas participantes no musical, a cargo do profesor de canto, *coach* vocal e director de coros Ramón Bermejo. Este impartiu actividades de avaliación das voces, de iniciación á técnica vocal, de repertorio coral en galego, de afinación e de empaste, de fonética e fraseo en lingua galega, de busca da cor da voz e de interpretación vocal das cancións da peza teatral. Este curso forma parte da actividade de Avaliación competencial a través dun proxecto interdisciplinario (P1801074) que o centro está a desenvolver coa asesoría e formación do CFR de Pontevedra.





Para o labor do deseño da iluminación das escenas do musical, o centro contará co asesoramento e colaboración de Carlos Álvarez-Ossorio e coa orientación técnica que ofrece o Centro Dramático Galego.

5.2 Recursos materiais que se van a mobilizar

A dirección do centro educativo investiu un grande esforzo na adecuación dos espazos para unha dinámica de traballo máis flexible e interdisciplinaria, capaz de potenciar o traballo cooperativo entre o profesorado das materias involucradas no proxecto, así como un forte investimento económico, detallado no apartado sobre o orzamento, para a compra e utilización dos recursos técnicos precisos –de son, de iluminación, informáticos– para a súa posta en escena.



6 Colaboración con institucións, entidades, asociacións ou empresas

Destacan a colaboración do Centro de Formación e Recursos (CFR) de Pontevedra e o asesoramento técnico do Centro Dramático Galego, ao que lle debemos engadir o posible patrocinio de diversas asociacións e empresas da contorna, maioritariamente de Bueu.

7 Medidas de difusión do proxecto

A produción dunha obra de teatro musical ofrece a posibilidade de abrir o sistema educativo ao mundo exterior e vincular o traballo escolar coa vida laboral e coa sociedade en xeral. Así, unha vez finalizada a obra,



o alumnado pode ofrecela, de ser o caso, como espectáculo para recadar fondos co fin de custear a viaxe final do curso.

7.1 Entre o alumnado e a comunidade educativa

Para organizar e coordinar os 88 membros da comunidade educativa participantes no proxecto foi preciso xerar canles de comunicación directa, empregando medios e contornas dixitais para informar e traballar de forma colaborativa e para apoiar a aprendizaxe individual ou colectiva. Así, desde a *suite* de Google do centro (@iesillaons) creouse na *classroom* unha materia virtual, Miserábeis, na que se foi subindo toda a información, letras, cancións, actividades, anuncios... relacionados co proxecto.

Contémplase, ademais, a elaboración de carteis, un dossier e/ou unha unidade didáctica.

7.2 Na contorna e/ou noutros espazos

Como actividades de dinamización do proxecto están programadas dúas intervencións en espazos da localidade. O 12 de marzo, con motivo dun acto polo Día da Muller Traballadora, unha parte do alumnado e profesorado do centro representará no Centro Social do Mar de Bueu dúas escenas da obra que visualizan o papel das mulleres nas loitas polos dereitos e liberdades que se sucederon nas revolucións liberais do século XIX; dentro dunha proposta escénica e musical propia, de claro cariz feminista.

O 16 de maio, con motivo do Día das Letras Galegas, representarase na praza do mercado da vila unha *flashmob*, que escenificará "A canción do pobo", unha chamada á unión na loita pola igualdade, acompañada de cánticos e sons tradicionais galegos.

Ao remate do curso están previstas dúas actuacións completas da obra de teatro musical, o mércores 19 de xuño no auditorio de Cangas e o venres 21 no Centro Social do Mar de Bueu, en horario de tarde, ás 20:30 h.

8 Orzamento

Para conseguir os medios técnicos profesionais apropiados aos estándares de calidade que se pretenden con este proxecto, foi fundamental a aposta por parte da dirección do centro na dotación de materiais que perpetúen a posibilidade de continuar co desenvolvemento deste tipo de propostas interdisciplinarias.

8.1 Xustificación e desagregación

Curso 24 h de canto coral e técnicas de interpretación vocal		1.200 €	1.200 €
Equipo de micrófonos inalámbricos	2 micrófonos inalámbricos 4 frecuencias Kml 400	165,29 €	700,00 €
	7 Micrófonos Headset 40 Acoustic Control	289,26 €	
	1 Micrófono MU-800 Acoustic Control	41,32 €	
	1 Micrófono MU-1002 Acoustic Control	82,64 €	
Equipo de	10 Stairville Led Par 64 CX-3 RGBW 18x8w B	1.050 €	1.914,51 €



iluminación (focos, soportes, cables)	1 Fun Generation PicoSpot 45 LED	185 €	
	4 Varytec Wind Up 85 kg TÜV	580 €	
	4 pro snake TPD-3 20 FM	69,60 €	
	2 pro snake TPD-3 10 FM	18,60 €	
	3 pro snake TPD-3 1 FM	11,31 €	
Adaptador	interface MagicDMX Full	102,29 €	102,29 €
Total			3.916,8 €

9 Plan de avaliación

Na valoración deste proxecto interdisciplinario de centro existen tres procesos de avaliación claramente diferenciados. O primeiro deles refírese á cualificación das actividades concretas desenvolvidas desde as materias, mediante rúbricas que reúnen o conxunto de criterios relacionados cos obxectivos de aprendizaxe, empregadas para avaliar a consecución destes por parte do alumnado. O segundo atende ao logro do obxectivo xeral e obxectivos específicos do proxecto, cuxos criterios e indicadores creados de forma conxunta polo claustro supoñen unha autoavaliación de todas as persoas implicadas, alumnado e profesorado, que lle concede importancia ao desenvolvemento das competencias, á idoneidade de actividades e metodoloxías empregadas, así como ao traballo realizado de forma individual e colectiva.

9.1 Criterios e indicadores para a avaliación

Expoñemos a continuación os procesos de avaliación que se empregarán durante o proxecto e ao final deste:





Consideramos que a autoavaliación final do proxecto debe atender, polo menos, a algúns dos seguintes indicadores:

- 1 Valoración xeral da aplicación do proxecto durante o curso, aspectos positivos e negativos; a implicación do profesorado, o traballo en equipo e o repartimento de tarefas.
- 2 Organización do traballo: axeitada ou desaxeitada, repercusións nos horarios de clase tanto do alumnado como do profesorado, distribución das representacións.
- 3 Inclusión nas áreas e impacto sobre os resultados da aprendizaxe do alumnado e nas competencias clave.
- 4 Conclusións e propostas para vindeiros cursos.

9.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa

Os datos sobre o impacto do proxecto na mellora do uso do galego entre a comunidade educativa serán analizados tras a enquisa de avaliación final, unha vez rematado todo o proceso.

10 Profesorado participante.

Funcións e tarefas das persoas implicadas

O número total de profesores participantes no proxecto foi de 16 –dun claustro de 20 docentes–, pertencentes a distintos departamentos didácticos, coa colaboración do Departamento de Orientación, do persoal administrativo e da conserxería do centro, así como dos cargos directivos, cun grande esforzo de coordinación.

Nome	Área	Función(s) e tarefa(s)
María Teresa García Díaz	Música	Coordinación Adaptación do guión Tradución e adaptación das letras ao galego Dramaturxia Dirección de escena Deseño de actividades de dinamización Actriz Valores éticos nos personaxes de <i>Os miserábeis</i> Sesións de avaliación individual e en grupo
Diana Vilas Meis	Xeografía e Historia	Coordinación Axudante de dirección Dirección vocal Covers e arranxos musicais Deseño de actividades de dinamización Creación/xestión de <i>classroom</i> Actriz Difusión das ideas da Ilustración Obras de arte como referentes éticos e estéticos nunha peza



		de teatro musical ✎ Creación de discursos revolucionarios. O feminismo ✎ Sesións de avaliación individual e colectiva
Óscar Rodríguez García	Xefatura de Estudos Xeografía e Historia	Actor ✎ Difusión das ideas da Ilustración ✎ Obras de arte como referentes éticos e estéticos ✎ Elaboración de discursos revolucionarios. O feminismo
X. Antón Guitián Fernández	Dirección Orientación	Actor
Nome	Área	Función(s) e tarefa(s)
Olalla García San León	Educación Plástica, Visual e Audiovisual	Audiovisuais, <i>making off</i> e fotografía Rexistro audiovisual de ensaios ✎ Máscaras para a escena "Mozas guapas" ✎ Elaboración de escenografía ✎ Producción de material audiovisual para o proxecto ✎ Sesións de avaliación individual e en grupo
Anxo X. Rajó Pazó	Lingua Galega	Asesor lingüístico: revisión das letras en galego Xestión económica Xestión de dinamización do proxecto Actor
Xoán X. Rodríguez Rivas	Lingua Galega	Actor
María J. Rodríguez Romano	Ciencias naturais	Deseño do vestiario Actriz ✎ Enfermidades na época de <i>Os miserábeis</i>
María Luisa Mallo Camaño	Lingua Castelá	Actriz ✎ Pescuda sobre o autor de <i>Os miserábeis</i> e a súa obra
María Teresa Barreiro Graña	Tecnoloxía e Informática	Actriz ✎ Montaxe e programación de equipos de iluminación e son ✎ Sesións de avaliación individual e colectiva
María Sonia Rosales Resille	Secretaría Tecnoloxía	✎ Montaxe e programación do sistema de iluminación e son
Yolanda Martínez Rodil	Inglés	Actriz ✎ Sesións de avaliación individual e en grupo
Sabela Pérez González	Inglés	Actriz
Ana Belén Castro Márquez	Francés	✎ Proclamas revolucionarias "en français"



Mónica Camaño Portela	Física e Química	Deseño de vestuario Actriz ✍ Científicos na época de <i>Os miserábeis</i>
María Silvia Paz Pena	Orientación	Actriz
Carolina Portabales Blanco	Conserxaría	Rexistro escrito dos ensaios e obradoiros de canto
Martiño Meira Cabanelas	Administración	Actor

11 Alumnado participante

Do total de 139 alumnos/as do centro, o alumnado implicado nas actividades xeradas arredor do proxecto desde as distintas áreas e materias suma un total de 70, pertencentes a 3.º e 4.º da ESO, dos cales 41 rapaces e rapazas participaron de xeito máis directo en escena e nos obradoiros e ensaios programados fóra do horario escolar. Estes son maioritariamente de 4.º da ESO, coa colaboración significativa de alumnas e alumnos de 3.º da ESO e a presenza puntual de rapaces/as doutros cursos inferiores.

